

**Crónica da viaxe a Guatemala do profesorado gañador do IV Premio Galego de
ECG: conexión, intercambio de experiencias e novos proxectos**



Tiven a sorte de acompañar a Verónica (mestra de primaria e directora do CEIP Canosa-Rus de Carballo), Dolores e Alberto (docentes de agroloxardinaría e floraría do IES Plurilingüe de Valga), e Irene e Javier (técnica e investigador do CITIC da Universidade da Coruña). Esta é unha crónica da viaxe.

A acollida no país foi en **Casa Kan (Kaqla)**, sen dúbida a mellor forma de recuperarnos da viaxe, conectar coa cultura maia, desfrutar da súa gastronomía (do *frijol* nas súas múltiples versións e das tortillas de millo) e comezar a intercambiar experiencias.



O profesorado galego presentou os seus proxectos a Kaqla e á rapazada de entre 9 e 20 anos a quen acompaña a entidade. Chamounos a atención descubrir que, mala a distancia entre Galicia e Guatemala, existen conexións, preocupacións e intereses compartidos: o valor da lingua e da cultura propias, os saberes dos avós e das avoas, o coidado da natureza, ou a inclusión educativa.



Estas afinidades abriron a porta a idear novas iniciativas compartidas. Verónica (CEIP Canosa-Rus) e Flor (Kaqla) comezaron xa a concretar, con ilusión, a posibilidade de conectar virtualmente a rapazada de Galicia e Guatemala no próximo curso escolar.



Karin, Keily, Kanek, Kaslem, Julianita e Ixkem, explicáronnos o que está significando para elas e eles participar nos procesos con Kaqla. Coinciden en destacar que melloraron a súa capacidade para expresarse en público, fortalecieron a conexión coas súas raíces e despertaron un profundo sentimento de orgullo de ser maias. Tamén compartiron os seus soños: estudar Gastronomía, converterse nunha traballadora social especializada en pobos indíxenas, gañar seis mundiais de fútbol, rematar Enxeñaría de sistemas ou conseguir entrar en Astronomía. Escoitalos falar con tanta naturalidade, seguridade e convicción resultou un dos momentos máis gratificantes da visita a Kaqla, nun contraste inevitable co que, en moitas ocasións, observamos no noso propio alumnado.



De Santa María Cauqué desprazámonos a Jocotán, un percorrido de aproximadamente 250 km que fixemos acompañadas por Eduardo, de **MejorHa**, ao longo de cinco horas e media de conversa sobre a historia, a cultura e a cooperación internacional en Guatemala.



Desde alí, o equipo trasladounos en dúas *pick-up* ás comunidades da Rexión VIII. Aínda que se atopan apenas a uns 10 km da cidade, acceder a elas require arredor de hora

e media de traxecto por camiños de terra, estreitos e en mal estado, o que dá unha idea do illamento e dificultade de comunicación destas aldeas.

Neste territorio puidemos apreciar as desigualdades e inxustizas sociais en toda a súa crueza, en forte contraste coa beleza salvaxe das súas paisaxes e a calidez e compromiso das persoas que nos acolleron. Un espazo de enorme riqueza natural onde, ao mesmo tempo, se fan visibles as consecuencias da pobreza e o abandono institucional histórico das comunidades indíxenas.



Visitamos dúas escolas de primaria (Ojo de Agua Escondida e Potrerito) e conversamos co profesorado que está ao fronte da ardua tarefa de ensinar, con apenas recursos, a grupos

numerosos de alumnado de diferentes niveis educativos que comparten un mesmo espazo. Da súa labor impresionounos a entrega, a preocupación polo benestar e aprendizaxe do seu alumnado, e tamén a capacidade de denunciar a falta de oportunidades educativas. Respecto da visita de hai dous anos (III Premio Galego de ECG), destacar positivamente a incorporación do ensino da lingua ch'orti' nas escolas. Un avance na valorización da identidade e da cultura deste pobo maia.



A entrega e preocupación polo alumnado fíxose especialmente visibles no encontro coa docente de primaria e monitora do IGER (Instituto Guatemalteco de Educación Radiofónica), no círculo de estudos de Plan de Candelero. Cada 15 días desprázase a esta aldea afastada para titorizar a un grupo rapazas que, despois de axudar nas tarefas da casa, teñen que buscar tempo para estudar en solitario, contando cun libro como mestre. Tanto a monitora como as alumnas representan un exemplo de perseveranza e compromiso.



A falta de oportunidades educativas foi, probablemente, o que máis impactou ao profesorado galego, xunto co difícil acceso ás comunidades e as condicións climáticas de seca que este ano arruinaron a colleita de millo, principal sustento das familias. Sobreviven pequenas hortas escolares e familiares coas que traballa Humberto de MejorHa, e que nos amosaron con orgullo os rapaces e as rapazas de Potrerito.



A visita ás comunidades permitiunos comprender a relevancia do traballo que está a desenvolver MejorHa. O profesorado galego destacou especialmente o seu enfoque integral de dereitos; o fortalecemento e implicación das comunidades, situadas sempre no centro dos procesos; o trato respectuoso e a capacidade de acompañar sen substituír; así como a labor de incidencia e responsabilización da municipalidade no cumprimento das súas obrigas. O recoñecemento mutuo e o compromiso compartido entre a entidade e as comunidades fixéronse patentes en cada encontro.



De camiño ao lago Atitlán, fixemos unha parada na sede da **Universidade de San Carlos en Chiquimula** onde un grupo de docentes de Agronomía nos achegou á filosofía educativa do centro e as súas diferentes titulacións. Javier e Irene, da UDC, lideraron a conversa sobre as posibilidades de establecer convenios e promover intercambios coa universidade galega.



Dolores e Alberto, do IES de Valga, visitaron os laboratorios de solos e compartiron o seu proxecto de hortas circulares, que despertou un grande interese. Pola súa banda, desde MejorHa aproveitaron o encontro para impulsar a posibilidade de asinar un convenio que permita promover investigacións e desenvolver a extensión universitaria na Rexión VIII de Jocotán. Resulta esperanzador e ilusionante comprobar como estes encontros poden abrir novas vías de colaboración e xerar sinerxías que transcendan o marco da propia viaxe.



Xa no lago Atitlán, visitamos o **Taller Tienda Luisa** en San Antonio Palopó, onde Margarita nos explicou como funciona o tear de cintura e de pedal. Puidemos apreciar o valor da artesanía téxtil e do traballo cooperativo das mulleres e nenas que participan nesta iniciativa.



De Panajachel fomos a Antigua. Coincidimos con Arturo, técnico da **Coordinadora de Organizaciones para el Desarrollo**. Compartimos con el un xantar no Centro de Formación da AECID e conversamos sobre a historia de Guatemala complementando así as conversas previas con Kaqla e MejorHa.



A última parada foi en Ciudad de Guatemala. Entre os libros de **Catafixia** e as conversas con Ian e Carmen, mergullámonos en retallos de memoria histórica e poesía. A librería está situada, non por casualidade, onde asasinaron ao líder estudantil Oliverio Castañeda de León, en 1978.



O broche final da viaxe foi a entrega dos certificados de participación de voluntariado do **IGER** nos seminarios impartidos por profesorado da Facultade de Ciencias da Educación da UDC, no marco do proxecto “Voluntariado internacional desde o local” de SIG. Foi un momento especial tamén para mirar cara adiante, pois xurdiron novas posibilidades de seguir colaborando, tanto nunha segunda edición dos seminarios co IGER, como no deseño dun formato específico para profesorado de primaria e voluntariado das escolas e círculos de estudo da Rexión VIII de Jocotán, da man de MejorHa.




Penso que cumprimos coas expectativas e obxectivos do Premio Galego de ECG: comprender mellor a dimensión estrutural e global das desigualdades; coñecer persoas e proxectos solidarios, coidadosos e transformadores; intercambiar saberes que nos enriquezan; deixarnos interpelar por outras formas de ser, saber e estar no mundo; tecer sinerxías e novas redes de colaboración por un mundo mellor, máis xusto e igualitario.

Regresamos con moitas reflexións, novas preguntas e vínculos que queremos coidar, pero tamén coa certeza de que a educación para a cidadanía global e a cooperación internacional só cobran sentido cando se constrúen desde o encontro e a reciprocidade. Porque, ademais de mirar cara a fóra, esta viaxe convidounos a volver mirarnos con outros ollos.

E, por suposto, nestes nove días tamén tivemos tempo de relaxarnos,



“turistear”



compartir conversas e xantares,



rornos, marearnos, e sentir un pouco de “medo” polas carreiras e camiños de Guatemala. Porque a viaxes tamén se constrúen destes pequenos momentos e recordos compartidos.

Moitas grazas a Hermelinda, Flor, Claudia e a todas as mulleres de Kaqla; a Ángel, Eduardo, Hadee, Evelyn e ao equipo de MejorHa; a Margarita, Ingrid e compañeiras do taller de Luisa; a Arturo da Coordinadora de Organizaciones para el Desarrollo; a Carmen de Catafixia; a Julio, Celeste, Geraldina e traballadoras/es do IGER; a Carolina, activista e amiga guatemalteca; e, por suposto, a todas as nenas, nenos, familias e comunidades que nos acompañaron e abriron as portas nesta viaxe. E grazas tamén a Solidariedade Internacional de Galicia e á Coordinadora Galega de ONGD, por facela posible, co financiamento da Xunta de Galicia.

